

**Procedemento:** CT215B. Subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia para o ano 2025.

**Asunto:** Nomeamento da Comisión de valoración.

## ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 16 de decembro de 2024 no Diario Oficial de Galicia, nº 241 publícase a Resolución do 18 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia e se convocan para o ano 2025.

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de valoración.

A Comisión de valoración será nomeada pola Dirección da Agadic e estará formada por:

- a) Dúas persoas profesionais de recoñecido prestixio nos ámbitos audiovisual e/ou cultural en xeral, das cales unha exercerá como presidente e terá voto de calidade en caso de empate.
- b) Dúas persoas pertencentes á plantilla da Agadic, unha das cales exercerá a secretaría da Comisión e actuará con voz pero sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"a condición de vogal da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituída en ningún caso"*.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.



2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

3. No artigo 15 das bases reguladoras establécese que a Comisión de valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: Ildefonso Rodríguez Torras
- Vogal: Elsa María Tebar Palmero
- Vogal: Víctor Paz Morandeira, pertencente á plantilla da Agadic
- Secretaria : M<sup>a</sup> Dolores Meijomín Rodríguez, pertencente á plantilla da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

